

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO OUTEIRO GRANDE (IN661A 2011/1-4).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE A ESTRADA E FORCAREI (PONTEVEDRA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: AV OUTEIRO RUBIO, SLU

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 17 de marzo do 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o documento do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico de Outeiro Grande, de novembro de 2020 (revisión setembro 2021), e sobre a Separata de Augas de Galicia do Parque Eólico de Outeiro Grande, de outubro de 2020, en cumprimento dos apartados 12 e 14 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, nos artigos 43 e 44 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa vixente de aplicación.

Segundo se indica na documentación aportada, o Estudo de Impacto Ambiental ten por obxecto identificar, describir e avaliar os posibles efectos significativos no medio ambiente da aplicación do proxecto, expondo alternativas razoables técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos, o ámbito de aplicación xeográfico do mesmo e os resultados da tramitación previa realizada.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto a descrición das instalacións que afectan á rede hidrográfica da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, xestionada por Augas de Galicia.

Antecedentes

Con data 17 de xuño de 2021, o Consello da Xunta de Galicia, acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o proxecto do parque eólico Outeiro Grande, promovido por AV Outeiro Rubio, SLU ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, polo que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu o 17 de xuño de 2021 declarar a tramitación de urxencia deste proxecto de acordo co establecido no artigo 44.2 da devandita Lei 5/2017 e no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o que supón a redución á metade dos prazos para o procedemento ordinario, salvo a presentación de solicitudes e recursos.

O 7 de abril de 2022, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG Nº 68 a resolución do 9 de marzo de 2022 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do



proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública, do proxecto do parque eólico Outeiro Grande, emprazado nos concellos da Estrada e Forcarei (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/1-4).

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Sur de Augas de Galicia, emite o correspondente informe de afeccións do Proxecto do Parque Eólico Outeiro Grande, en A Estrada e Forcarei (Pontevedra) ao Dominio Público Hidráulico en base ao informe de gardería do 5 de abril de 2022.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o ***"Parque Eólico Outeiro Grande. Estudio de Impacto Ambiental."***, de novembro de 2020 (revisión setembro 2021), redactado por un equipo multidisciplinar da empresa Ambiotec Gabinete de Estudios Técnicos Medio Ambiente S.L., dirixido polo Licenciado en CC. Biolóxicas D. Manuel Antonio Tourón Gómez, asinado o 24/09/2021 e que consta de memoria e once anexos (Anexo I.- Planos; Anexo II.- Estudo de Impacto e Integración Paisaxística; Anexo III.- Patrimonio Cultural; Anexo IV.- Campaña Preoperacional Aves e Quirópteros. Avance de Resultados; Anexo V.- Reportaxe Fotográfica; Anexo VI.- Impacto Turístico; Anexo VII.- Documento de Síntese; Anexo VIII.- Normativa Ambiental Aplicable; Anexo IX.- Campos Eléctricos e Magnéticos; Anexo X.- Equipo Redactor; Anexo XI.- Fontes e Bibliografía), e o ***"Proyecto de ejecución Parque Eólico Outeiro Grande. Separata Augas de Galicia. A Estrada e Forcarei. Oct.-20"***, asinado o 24/09/2021 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Pérez Lodos, colexiado nº 17.470 do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. O documento inclúe unha memoria e planos. Todos os documentos en formato dixital (pdf).

A continuación describíense brevemente as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.



O Parque Eólico Outeiro Grande sitúase nos concellos de A Estrada e Forcarei, na provincia de Pontevedra, dentro da Área de Desenvolvemento Eólico denominada denominada (ADE) OT-02-25 Couto de San Sebastián, da modificación primeira do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

O Parque Eólico Outeiro Grande consta de 5 aerogeradores de VESTAS. Utilízanse 2 modelos, V136 e V-150. Dous dos aerogeradores V-150 terán 4,20 MW potencia nominal, outros dous aerogeradores V-136 terán 3,30 MW de potencia nominal e o derradeiro aerogerador V-136 terá 3,00 MW de potencia nominal, tendo o parque unha potencia total de 18 MW. Os aerogeradores serán de tres pás, de 136 m e 150 metros de diámetro e 82 m e 105 m de altura de buxeiro.

As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29) dos aerogeradores son as seguintes:

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y	Modelo	Potencia (MW)	Altura buxeiro (m)
OG-01	551.898,40	4.725.932,00	V150	4,20	105,00
OG-02	550.617,16	4.725.408,52	V150	4,20	105,00
OG-03	550.911,01	4.725.056,51	V136	3,30	82,00
OG-04	551.028,92	4.724.127,07	V136	3,00	82,00
OG-05	550.302,50	4.723.987,00	V136	3,30	82,00

A posición da torre meteorolóxica están definidas polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29):

Torre meteorolóxica	UTM-X	UTM-Y
Torre 1	551.242,83	4.724.979,98

A posición da Subestación transformadora e dos vértices que conforman a súa poligonal están definidas polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29):

Subestación	UTM-X	UTM-Y
SET PE Outeiro Grande 30/132 kV	551.111,74	4.724.294,39
Coord. Envoltente SET PE Outeiro Grande A	551.090,10	4.724.332,97
Coord. Envoltente SET PE Outeiro Grande B	551.155,18	4.724.295,10
Coord. Envoltente SET PE Outeiro Grande C	551.132,05	4.724.255,34
Coord. Envoltente SET PE Outeiro Grande D	551.066,94	4.724.293,22

A rede de media tensión do parque eólico está formada por dúas liñas soterradas de 30 kV, de sección variable, e ten por obxecto conectar os aerogeradores entre si e coa subestación colectora do parque. O circuito 1 fórmano os aerogeradores OG-01 e OG-03 de lonxitude 3.840,2 m e potencia 7,5 MW e o

circuíto 2 conectará os aeroxeradores OG-02, OG-04 e OG-05 á subestación, de lonxitude 3.392,25 m e potencia 10,5 MW.

A obra civil que se proxecta, comprende as seguintes actuacións:

- Accesos e viarios internos

O acceso ao parque eólico proxéctase a partir do PQ 189 da estrada N-640, que conduce cara Fraíz. Sobre esta vía e con carácter común, realízanse as seguintes rectificacións ao obxecto de ampliar radios de curva para o paso dos elementos que compoñen a infraestrutura do parque:

- 1.- Rectificación de curva duns 200 metros de lonxitude ao seu paso sobre o regueiro de San Martiño.
2. Ampliación de plataforma ao longo dun tramo de 400 metros de lonxitude ao seu paso sobre o rego de San Martiño.

O deseño dos camiños fíxose adaptándoos ao máximo á topografía para o efecto de minimizar o movemento de terras, procurando que discorran en desmorte aberto na ladeira, evitando trincherras e, onde resulta factible, levándoos en terraplén, empregando produtos de desmorte para compensar volumes na medida do posible, minimizando á vez o carrexo de terras a entulleira. Estímase unha lonxitude de vías de 7.533,51 m, dos cales 5.474,21 m corresponden a acondicionamento de vías e 2.059,30 m a vías de nova construción.

O trazado das vías considera as características xeométricas necesarias para a circulación dos transportes, sendo os parámetros de deseño máis significativos en planta e alzado os seguintes:

- Radio mínimo de curvatura: 70,0 m
- Pendente máxima en formigón: 14,0 %
- Pendente máxima en terra: 9,0 %

O firme dos camiños estará composto por unha capa de saburra natural de espesor 0,20 metros, compactada ao 95% PM e noiros 3H:2V e unha capa superior de rodaxe de saburra artificial, compactada ao 100% PM e igualmente cun espesor de 0,20 m. Nos bordos laterais dos camiños dispoñeráse unha cuneta de desaugadoiro de 0,75 m de anchura e 0,30 m de profundidade baixo a subrasante.

Para os desmontes considerouse un noiro de 1H:1V. Para terrapléns un 3H:2V de acordo coas consideracións xeotécnicas. En asentos de terraplén prevíuse a retirada da capa vexetal superficial. Para a drenaxe lonxitudinal disporanse cunetas en terra con sección en "V" de dimensións 1,00 m de anchura e 0,50 m de profundidade.

Naqueles puntos en que é necesario o cruzamento das augas de drenaxe que circulan polas devanditas cunetas baixo vía execútase un caño de formigón envolto no mesmo material. A drenaxe transversal que permite dar continuidade á circulación natural das augas definiuse mediante as correspondentes obras de drenaxe constituídas por canos de formigón vibrocomprimido ou PVC, e reforzaranse con formigón en masa HM-20 para evitar a súa deterioración co paso de vehículos pesados.

Todas as drenaxes transversais dispoñerán das súas correspondentes embocaduras prefabricadas de formigón, para condución das augas.

- Cimentacións e plataformas de montaxe

A cimentación dos aeroxeradores consistirá nunha zapata de planta circular de 18,00 m de diámetro e unha altura de 1,25 m, a partir da cal se alzará un tronco de cono de base inferior igual á do prisma e unha altura 1,25 m. A base superior deste tronco de cono será de 6,00 m de diámetro, sobre o que se dispoñerá un pedestal de 0,70 m de altura. A capacidade portante considerada é de 3 kg/cm².



Na base de cada un dos aeroxeradores, acondicionarase unha zona para facilitar os labores de montaxe da torre, instalación dos guindastres para izado da torre, góndola e pas do aeroxerador. No caso de achega de terras para formación da plataforma realizaranse os terrapléns con material tolerable e adecuado en núcleo e seleccionado en coración que garanta a obtención das condicións de capacidade portante necesarias para o apoio dos guindastres e elementos de montaxe. No caso de plataformas en desmante nivelarase e compactará adecuadamente para conseguir igualmente a capacidade portante requirida.

Durante os traballos de cimentación, a plataforma do guindastre servirá ademais como superficie de almacenamento do material e máquinas.

Unha vez finalizadas as obras procederanse á integración topográfica e visual en acordo ao reflectido no Programa de Medidas Correctoras.

- Gabias

Instalaranse enterrados en gabias os cables de media tensión (30 kV), rede de terras e de comunicacións, os cales se tenderán entre cada aeroxerador e o Centro de Control localizado dentro do recinto da Subestación. As gabias sitúanse sempre que é posible paralelas aos camiños, e en todo caso evítanse pendentes superiores ao 20%. A lonxitude de gabiá prevista é de 6.711 metros.

Defínense seccións de gabiá diferentes segundo a súa localización, aínda que o ancho será, en xeral, de 0,60 m. Así, para seccións baixo vías, en cruces de calzada ou ao longo de camiños e devasas, prevese a colocación en tubo PEAD, con envolta de formigón HM-15 alcanzando 0.50 m de altura dende o fondo da gabiá. A profundidade de gabiá proxectada é de 1,10 m. Para seccións paralelas a vías o cableado colócase nun leito de area, cun espesor de recheo de area en todos os casos de 40 cm, sendo a profundidade prevista de gabiá de 1,00 m.

Instalaranse fitos de sinalización cada 50 m seguindo o trazado.

- Subestación e Centro de Control

A subestación ocupará unha superficie de 65x45 m e na que se situará o parque de intemperie, o edificio de control, as vías e zonas de acceso e estacionamento, así como espazo libre suficiente para posibilitar a ampliación cunha nova posición de transformación para a súa cesión á compañía distribuidora da zona.

O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación situaranse nun mesmo edificio, convenientemente separados e con accesos independentes. O edificio, cunhas dimensións de 25,90 x 10,00 m en planta e 3,50 m de altura útil, dispoñerá dun único nivel, no que se situarán a sala de control, os vestiarios, o aseo, o local para grupo electrógeno, a sala de cabinas de media tensión, baterías de condensadores e trafo de SS. AA., local de taller e almacén e local de aceites e residuos. Anexo ao edificio situarase o parque intemperie da subestación eléctrica, que estará recuberta por unha empedrada de grava de 10 cm de espesor co obxecto de garantir o illamento preciso para cumprir coas tensións de paso e contacto máximas admisibles. A vía perimetral ao parque de intemperie e a zona de estacionamento de vehículos estará formado por un pavimento de 30 cm de saburra natural sobre o que se verterá unha lousa de formigón HA-25 de 20 cm de espesor. Rodeando o edificio de control construírse unha beirarrúa de laxa hidráulica. O peche perimetral da instalación estará formado por unha malla metálica sobre a que se tenderán tres fileiras de arame de aceiro galvanizado, completando en conxunto 2,70 m de altura.

Prevese a execución dun pozo de barrena para o subministro de auga e dunha fosa séptica para vertido das augas residuais.



Por outra banda, o Estudo de Impacto Ambiental aporta un estudo do territorio onde recolle a caracterización xeográfica, climatolóxica, calidade do aire e contaminación acústica, xeoloxía, hidrografía, etc. Neste inventario, no apartado de hidrografía, indícase que o a rede fluvial da zona de estudo organízase ao redor de dous cursos principais: o Ulla e o Umia, aínda que no que se refire á poligonal e a súa contorna, indica que a maior parte da mesma drena cara ao noroeste a través da rede dos ríos Curantes e Liñares, afluente do Ulla. A excepción a esta pauta xeral prodúcese no extremo sueste da poligonal, drenado pola cabeceira do sistema do rego das Cerqueiras, afluente do río Umia. Centrando a descrición na propia poligonal, o sistema Curantes – Liñares é alimentado polos regos de Muíños, Olives, Parada e Santa Baia, que se orixinan no resalte sobre o que se propón asentar as instalacións e discorren en sentido oeste-noroeste confluindo todos eles no citado río de Curantes, xa ao oeste da poligonal. A excepción atópase, como xa se indicou, no extremo sueste da poligonal, drenado pola rede de cabeceira do rego das Cerqueiras, afluente directo do Umia.

O Documento inclúe un Programa de Medidas Correctoras (apartado 7 da Memoria), onde se inclúe a descrición dos sistemas de protección de arrastres por escorrentas, executados mediante a instalación de barreiras de balas de palla nas que cada bala fíxase ao terreo con dúas estacas de madeira e entérranse uns 10 cm. Como a súa vida efectiva é inferior a 3 meses, deben empregarse por cada 0,1 Ha de terreo afectado un 30 m. de lonxitude de barreira. A lonxitude máxima de noiro non debe exceder de 30 m. e a pendente do mesmo debe ser inferior ao 50 % ou 2:1

En todos os casos despois de cada chuvia debe efectuarse unha inspección e reparación de danos, así como a limpeza dos sedimentos cando estes alcancen unha altura equivalente á metade da barreira;

No Programa de Vixilancia Ambiental (Apartado 8 da memoria) detállanse as accións adoptadas para garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras propostas.

A Separata de Augas de Galicia identifica os seguintes cruzamentos detectados no proxecto e que afectan a Augas de Galicia, nas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29) :

Afeccións Separata	UTM-X	UTM-Y
AA01. CRUCE AFLUENTE REGATO OLIVARES	551.948,230	4.725.519,170
AA02. CRUCE DEL REGATO PARADA	551.418,230	4.724.921,172
AA03. CRUCE DEL REGATO PARADA	551.484,230	4.724.758,170
AA04. CRUCE DEL REGATO PARADA	550.662,227	4.724.757,178
AA05. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO	552.191,020	4.725.904,590
AA06. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO	552.647,520	4.726.256,400
AA07. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO	553.423,210	4.726.429,620

- AA01. CRUCE AFLUENTE REGATO OLIVARES: Para a realización do trazado dun tramo novo da vía de acceso do aeroxerador OG-06, así como a gabiá cos condutores de media tensión que une aos aeroxeradores OG-01 débese afectar a un afluente do regato Olivares. Na actualidade non existe infraestrutura algunha que cruce o regato, polo que para levar a cabo a obra será necesario desviar temporalmente ao arroio afectado. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 14 metros, mentres que os metros de leito afectado debido á gabiá son 2 metros.



- **AA02. CRUCE DEL REGATO PARADA:** Para a realización do trazado da vía de acceso do aeroxerador OG-06 débese afectar ao regato Parada. Na actualidade existe unha ponte na vía para acondicionar que cruza por encima do río, polo que non será necesario desviar a canle do río temporalmente. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 10 metros.
- **AA03. CRUCE DEL REGATO PARADA:** Para a realización do trazado da vía de acceso do aeroxerador OG-06 débese afectar ao regato Parada. Na actualidade existe unha ponte na vía para acondicionar que cruza por encima do río, polo que non será necesario desviar a canle do río temporalmente. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 15 metros.
- **AA04. CRUCE DEL REGATO PARADA:** Para a realización do trazado da vía de acceso do aeroxerador OG-02, así como a gabia cos condutores de media tensión que une aos aeroxeradores OG-02 e OG-05 débese afectar ao regato Parada. Na actualidade non existe infraestrutura algunha que cruce o regato, polo que para levar a cabo a obra será necesario desviar temporalmente a canle do río afectado. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 16 metros, mentres que os metros de leito afectado debido á gabia son 3 metros.
- **AA05. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO:** Para a realización do trazado da vía de acceso ao aeroxerador OG-01 débese afectar ao regato San Martiño. Na actualidade non existe infraestrutura algunha que cruce o regato, polo que para levar a cabo a obra será necesario desviar temporalmente ao arroio afectado. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 30 metros.
- **AA06. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO:** Para a realización do trazado da vía de acceso ao parque eólico débese afectar ao regato San Martiño. Na actualidade existe unha ponte na vía para acondicionar que cruza por encima do río, polo que non será necesario desviar a canle do río temporalmente. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 16 metros.
- **AA07. CRUCE DEL REGATO SAN MARTIÑO:** Para a realización do trazado da vía de acceso ao parque eólico débese afectar ao regato San Martiño. Na actualidade non existe infraestrutura algunha que cruce o regato, polo que para levar a cabo a obra será necesario desviar temporalmente a canle do río afectado. A Separata indica que a lonxitude de río afectado debido á vía de acceso ao aeroxerador é de 380 metros.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de bacía e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

O Parque Eólico Outeiro Grande sitúase nos concellos de A Estrada e Forcarei (Pontevedra), dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE), nos que se localizan as instalacións, son o número 04 "RÍO UMIA E RÍA DE AROUSA (MARXE ESQUERDA)" e o número 05 "RÍO ULLA E RÍA DE AROUSA (MARXE DEREITA)"



Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia, os seguintes cursos fluviais codificados por Augas de Galicia: o río Umia (253) e o seus afluente o regueiro das Cerqueiras (253006) e o seu tributario innominado (25300602); así como o río Liñares (244073) e os seus tributarios o rego de San Martiño (24407306) e o rego Parada (24407306011). Os encoros máis próximo á zona de actuación son o encoro "Portodemouros" (ES.014.MR.244.000.03.00), a uns 18 quilómetros ao nordeste da poligonal do parque, e o encoro "Caldas de Reis" (ES.014.MR.253.000.03.00), a uns 17,50 quilómetros ao suroeste da poligonal do parque.

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2021 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, entre as principais afeccións destaca que a plataforma de montaxe do aeroxerador OG-04 e o voo das pas do aeroxerador afecta ao Dominio Público Hidráulico e á zona de servidume dun rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (25300602); outras afeccións serán o cruzamento do rego Parada (24407306011) pola execución do camiño de acceso ao aeroxerador OG-02 e pola execución da gabiá de cableado en dous puntos, o cruce do rego de San Martiño (24407306) polo acondicionamento da vía de acceso e da gabiá de cableado. Así mesmo, prodúcese diferentes afeccións en zona de policía debidas ás actuacións indicadas, tanto nun rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (273006) como no rego Parada (24407306011) e no rego de San Martiño (24407306), ámbolos dous tributarios do río Liñares (244073). Na memoria da Separata indícase tamén a afección polo cruce do rego Parada (24407306011) da gabiá de cableado e da vía de acceso, e o cruce cun afluente do rego de San Martiño (24407306), pero estas afeccións non se atopan no visor.

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Sur de Augas de Galicia emite o correspondente informe acerca da actuación do Parque Eólico Outeiro Grande en base ao informe da visita de gardería do 05/04/2022. No devandito informe constátase a presenza dun leito a unha distancia aproximada de 51,7 metros da coordenada do aeroxerador OG-04.

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións do parque eólico proxectado, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada:

Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no EIA e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (25300602).	Cruce, Zona de servidume e zona de policía.	O Estudio de Impacto Ambiental, de agora en diante EIA , identifica no plano nº 5.3 "Hidrografía" a afección a un rego innominado polo voo das pas do aeroxerador OG-04.	Cruce do rego innominado do voo do aeroxerador nos punto de coordenadas (X=551.055,226; Y=4.724.057,775) e (X=551.102,976; Y=4.724.123,885). Afección á zona de servidume do rego innominado polo voo do aeroxerador entre os puntos de coordenadas (X= 551.050,062; Y= 4.724.056,033), (X= 551.060,335; Y= 4.724.059,929) e (X= 551.102,453; Y= 4.724.117,59), (X= 551.102,992; Y= 4.724.129,802). Afección á zona de policía do rego innominado polo voo do aeroxerador entre os puntos de



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no EIA e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
				coordenadas entre os puntos (X= 550.959,520; Y= 4.724.101,003) e (X= 551.037,014; Y= 4.724.200,785). A visita de gardería realizada o 05/04/2022 comproba a distancia do leito 51,7 m da coordenada do aeroxerador OG-04. O leito innominado presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
2	Rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (25300602).	Zona de policía.	O EIA identifica no plano nº 6.3 "Hidrografía" a afección á zona de policía dun rego innominado pola plataforma do aeroxerador OG-04.	Afección á zona de policía do rego innominado pola plataforma do aeroxerador OG-04 entre os puntos (X= 550.963,974; Y= 4.724.116,058), (X= 550.978,741; Y= 4.724.146,277) e (X= 550.994,187; Y= 4.724.166,412), (X= 550.995,743; Y= 4.724.168,145). O leito innominado presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
3	Rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (25300602).	Zona de policía.	O EIA identifica no plano nº 5.3 "Hidrografía" a afección á zona de policía dun rego innominado pola gabia de cableado do parque eólico.	Afección á zona de policía do rego innominado polo eixo da gabia de cableado entre os puntos (X= 550.980,605; Y= 4.724.149,034), (X= 550.988,071; Y= 4.724.159,076) e (X= 550.998,184; Y= 4.724.170,729). O leito innominado presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
4	Rego innominado, sen codificar, tributario doutro rego innominado (25300602).	Zona de policía.	Afección non identificada na documentación aportada.	Afección á zona de policía do rego innominado pola explanada da subestación entre os puntos (X= 551.128,489; Y= 4.724.257,414) e (X= 551.135,097; Y= 4.724.260,591). O leito innominado presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
5	Rego Parada (24407306011).	Cruce e zona de policía.	O EIA identifica no plano nº 5.3 "Hidrografía" o cruce dun rego Parada polo trazado da vía que une o aeroxerador OG-02 e OG-05. A Separata de Augas de Galicia, de agora en diante Separata, identifica no seu apartado 5.4 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA04. Cruce do regato Parada polo trazado da vía e da gabia de MT que une o aeroxerador OG-02 e o OG-05. Actualmente non existe ningunha infraestrutura de cruce polo que será necesario desviar temporalmente o leito. Aféctase una lonxitude do leito de 16 m. Para o trazado do camiño e duns 3 m. pola gabia. As afección atópanse no entorno do punto de coordenadas (X= 550.662,227; Y= 4.724.757,178).	Cruce do rego Parada do eixo da vía de acceso no punto de coordenadas (X= 550.661,725; Y= 4.724.758,249). Cruce do rego Parada do eixo da gabia no punto de coordenadas (X= 550.654,02; Y= 4.724.765,778). Afección á zona de policía do rego de Parada polo eixo da vía de acceso entre os puntos (X= 550.625,136; Y= 4.724.632,320) e (X= 550.671,700; Y= 4.724.882,274). Afección á zona de policía do rego de Parada polo eixo da gabia entre os puntos (X= 550.664,364; Y= 4.724.887,777) e (X= 550.621,303; Y= 4.724.637,352).



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no EIA e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
6	Rego Parada (24407306011).	Cruce e zona de policía.	Afección non identificada na documentación aportada.	Cruce do rego Parada do eixo da gabia no punto de coordenadas (X= 551.146,000; Y= 4.724.732,624). Afección á zona de policía do rego de Parada polo eixo da gabia entre os puntos (X= 551.003,633; Y= 4.724.744,557), (X= 551.334,332; Y= 4.724.889,897) e (X= 551.182,755; Y= 4.724.637,520).
7	Rego Parada (24407306011).	Zona de policía.	Afección non identificada na documentación aportada.	Afección á zona de policía do rego de Parada polo eixo do camiño de acceso ao aeroxerador OG-03 entre os puntos (X= 550.988,322; Y= 4.724.734,096) e (X= 551.342,875; Y= 4.724.883,051).
8	Rego Parada (24407306011).	Zona de policía.	Afección non identificada na documentación aportada.	Afección á zona de policía do rego de Parada polo eixo do camiño de acceso ao aeroxerador OG-04 entre os puntos (X= 551.174,061; Y= 4.724.630,338) e (X= 551.268,740; Y= 4.724.672,343).
9	Rego Parada (24407306011).	Zona de policía.	A Separata na memoria, identifica no seu apartado 5.3 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA03 Cruce do regato Parada polo trazado da vía de acceso ao aeroxerador OG-06 (non identificado na documentación aportada). Actualmente existe unha infraestrutura de cruce polo que non será necesario desviar o leito. Aféctase uns 10 m. Para o trazado do camiño. A afección atópase no entorno da coordenada (X= 551.418,230; Y= 4.724.921,172).	Afección non detectada no visor segundo os planos da Separata e os planos da alternativa 3 escollida dentro do EIA.
10	Rego Parada (24407306011).	Zona de policía.	A Separata na memoria, identifica no seu apartado 5.2 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA02 Cruce do regato Parada polo trazado da vía de acceso ao aeroxerador OG-06 (non identificado na documentación aportada). Actualmente existe unha infraestrutura de cruce polo que non será necesario desviar o leito. Aféctase uns 15 m. Para o trazado do camiño. A afección atópase no entorno da coordenada (X= 551.484,230; Y= 4.724.758,170).	Afección non detectada no visor segundo os planos da Separata e os planos da alternativa 3 escollida dentro do EIA.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no EIA e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
11	----	Zona de policía.	A Separata na memoria, identifica no seu apartado 5.1 a afección AA01 Cruce afluente regato Olivares polo trazado da vía e da gabia de MT que une o aeroxerador OG-01 e o OG-06 (non identificado na documentación aportada). Actualmente non existe ningunha infraestrutura de cruce polo que será necesario desviar temporalmente o leito. Aféctase unha lonxitude do leito de 14 m. Para o trazado do camiño e duns 2 m. pola gabia. As afección atópanse no entorno do punto de coordenadas (X= 551.948,230; Y= 4.725.519,170).	Afección non detectada no visor segundo os planos da Separata e os planos da alternativa 3 escollida dentro do EIA.
12	----	Zona de policía.	A Separata na memoria, identifica no seu apartado 5.5 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA05 Cruce do regato San Martiño polo trazado da vía de acceso ao aeroxerador OG-01. Actualmente non existe ningunha infraestrutura de cruce polo que será necesario desviar temporalmente o leito. Aféctase unha lonxitude do leito de 30 m. Para o trazado do camiño. A afección atópase no entorno do punto de coordenadas (X= 552.191,020; Y= 4.725.904,590).	Afección non detectada no visor segundo os planos da Separata e os planos da alternativa 3 escollida dentro do EIA.
13	Rego de San Martiño, sen codificar, tributario do Rego de San Martiño (24407306)	Cruce e zona de policía	O EIA identifica no plano nº 5.3 "Hidrografía" a afección ao rego de San Martiño pola vía de acceso ao aeroxerador OG-01. A Separata identifica no seu apartado 5.6 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA06 Cruce do regato de San Martiño pola vía de acceso do parque eólico, afectando una zona aproximada de 16 m. de policía. Actualmente existe unha infraestrutura de cruce polo que non será necesario desviar o leito. A coordenada do punto central da actuación é (X= 552.647,520; Y= 4.726.256,400)	Cruce do rego de San Martiño do eixo da vía de acceso no punto de coordenadas (X= 552.649,105; Y= 4.726.259,535). Afección á zona de policía do rego de san Martiño polo eixo da vía de acceso entre os puntos (X= 552.609,821; Y= 4.726.161,858) e (X= 552.730,679; Y= 4.726.347,390).



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no EIA e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
14	Rego de San Martiño, sen codificar, tributario do Rego de San Martiño (24407306)	Cruce e zona de policía.	O EIA identifica no plano nº 5.3 "<i>Hidrografía</i>" a afección ao rego de San Martiño pola vía de acceso ao aeroxerador OG-01. A Separata identifica no seu apartado 5.7 e no plano nº 3 "Afecciones Augas de Galicia" a afección AA07 Cruce do regato de San Martiño pola vía de acceso do parque eólico, afectando una zona aproximada de 60 m. de policía. Actualmente non existe ningunha infraestrutura de cruce polo que será necesario desviar temporalmente o leito. A coordenada do punto central da actuación é (X= 553.423,210; Y= 4.726.429,620)	Cruce do rego de San Martiño do eixo da vía de acceso no punto de coordenadas (X= 553.419,445; Y= 4.726.429,446). Afección á zona de policía do rego de san Martiño polo eixo da vía de acceso entre os puntos (X= 553.288,534; Y= 4.726.406,584) e (X= 553.420,776; Y= 4.726.567,048).

Sinalar que no tócate ás afeccións á zona de servidume dos cursos fluviais descritas anteriormente e co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, deberán situarse os elementos do parque, fora da zona de servidume dos cursos fluviais, e realizarse as actuacións necesarias para non producirse as devanditas afeccións.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha bacía de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Neste senso, na documentación aportada indícase a existencia de dous cruces ao regato de Parada, outro cruce ao regato Olivares e outro cruce ao regato de San Martiño, que non foron detectadas no visor.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedementa poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Cómpre indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.



Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Bacia independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan á ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son as seguintes:

NOM_ZPROT	Código	Coordenada X	Coordenada Y
Fraiz (189)	ES014CACH000000560	552.438	4.726.373

Detállanse a continuación as zonas protexidas e a súa categoría identificadas na contorna da infraestrutura proxectada:

ZONAS PROTEGIDAS PHGC	NOMBRE	CODIFICACIÓN	Observacións
Tramo de interese de especies ameazadas.	Riobo ou Portocelo.	ES014TIEEX000000018	a 3.337 m. ao noroeste da vía de acceso ao aeroxerador OG-01
ZONAS PROTEGIDAS NIVEL EUROPEO	NOMBRE	CODIFICACIÓN	Observacións
Zona Captación Zona sensible		ESCM1218	A poligonal atópase dentro da Zona de captación de zona sensible
ZEC	Brañas de Xestoso	ES014ZECES1140008	a 687 m. ao leste do aeroxerador OG-03
ZONAS PROTEGIDAS NIVEL ESTATAL O AUTONÓMICO	NOMBRE	CODIFICACIÓN	Observacións
ZEPVN	Brañas de Xestoso	ES014ENPR110021	a 687 m. ao leste do aeroxerador OG-03

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.



Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH:



9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de bacía darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):



Clave	Titular	Coord. X (Datum inscrición)	Coord. Y (Datum inscrición)
DH.A36.54057	Comunidade de usuarios	551.339	4.725.103
	Comunidade de usuarios	551.329	4.725.096
DH.B36.15927	Particular	552.468	4.726.520
DH.B36.42235	Particular	552.630	4.726.775
DH.A36.6193	Comunidade de usuarios	551.715	4.725.100

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escuramentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das función de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Na documentación presentada prevese a execución dun pozo de barrena para o subministro de auga e dunha fosa séptica para evacuación das augas residuais.



Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberá solicitar ante este Organismo de Bacía, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Bacía, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.



Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Estudo de Impacto Ambiental** e a **Separata do Parque Eólico Outeiro Grande**, nos concellos de A Estrada e Forcarei provincia de Pontevedra, no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, emítense, segundo o solicitado, consideracións sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e/ou correctoras e plan de vixilancia ambiental, acreditando que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia as afeccións á zona de servidume por parte de determinados elementos do parque que non darían cumprimento ao indicado no artigo 7.3 do RDPH.

Aos efectos deste organismo de bacía, para que a actividade proxectada poida ser autorizable e dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, e non afectar a zona de servidume dos cursos fluviais, deberase modificar a posición do aeroxerador OG-04.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

